

Plan de emprendemento
no sistema educativo
de **Galicia**



XUNTA DE GALICIA



ÍNDICE

1

Introducción

05

2

Contexto europeo

06

3

Contexto educativo

09

4

Xustificación do Plan

14

5

Finalidade

15

6

Destinatarios

15

7

Estrutura

17



1 Introducción

O espírito emprendedor é un dos motores principais da innovación, a competitividade e o crecemento da economía. Dende hai anos, observouse unha correlación positiva e sólida entre o fomento do espírito emprendedor e os resultados económicos en termos de crecemento, supervivencia de empresas, innovación, creación de emprego, cambio tecnolóxico e incremento da produtividade.

Pero o emprendemento achégalle á sociedade moito máis que iso, ao constituírse nun elemento favorecedor da cohesión social, posto que representa un vehículo de desenvolvemento persoal e ofrece a toda a poboación a oportunidade de mellorar a súa empregabilidade, independentemente do seu ámbito ou situación.

O espírito emprendedor pódese entender nun sentido amplo, como unha actitude xeral que resulta útil tanto na vida cotiá de calquera persoa como nas actividades profesionais que desenvolve, e tamén como un concepto específico de formación dirixida á creación dunha empresa, a empresariedade.

Está demostrado que a educación e a formación contribúen á creación dunha cultura emprendedora, empezando polas idades máis temperás, ao fomentar entre o alumnado as calidades persoais que constitúen a base do espírito empresarial: a creatividade, a iniciativa, a responsabilidade, a capacidade de afrontar riscos e a autonomía persoal.

O Plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia [eduemprende](#) supón unha aposta clara e firme pola implantación na comunidade educativa dos niveis non universitarios desta cultura tan necesaria para mellorar a competitividade das nosas empresas e a empregabilidade dos galegos e das galegas. Así mesmo, constitúese como o marco onde coordinar as sinerxías en materia emprendedora que actúen sobre o sistema educativo, ordenando e planificando a súa aplicación.

2 Contexto europeo

Os retos a que se enfrontan os países da Unión Europea, dentro do novo marco de globalización en que estamos inmersos, fan que cumpra incidirmos en plans e medidas que fomenten o dinamismo empresarial dun xeito máis eficaz, permitindo a constitución de novos negocios e de empresas innovadoras e activas.

A consecución deste obxectivo levou a introducir nas políticas comunitarias a promoción e o fomento do espírito emprendedor.

- En marzo de 2000, o Consello Europeo de Lisboa adoptou un importante obxectivo estratéxico: antes de que concluíra 2010 a Unión Europea tiña que se converter na economía baseada no coñecemento máis competitiva e dinámica do mundo, capaz de crecer economicamente de xeito sustentable con máis e mellores empregos, e con maior cohesión social.
- Froito deste Consello, en xuño dese mesmo ano publicouse a Carta Europea da Pequena Empresa, cuxo primeiro punto das liñas de actuación é a educación e a formación no espírito emprendedor. Dise aquí que Europa educará no espírito empresarial desde unha idade temperá, transmitindo en todos os niveis escolares un coñecemento xeral sobre a actividade e o espírito emprendedor, e creando módulos específicos sobre temas empresariais que constitúan un elemento fundamental dos programas educativos do ensino secundario e superior.
- No ano 2003 o Consello tomou a decisión de publicar o Libro Verde do Espírito Empresarial en Europa, no que se indica claramente a importancia da educación e da formación para impulsar o espírito emprendedor e empresarial, fomentando unha actitude favorable, sensibilizando cara ás saídas profesionais como empresario e promovendo as competencias necesarias para a creación de empresas.

A súa difusión en Europa e as consultas posteriores deron como resultado a publicación do Programa Europeo a Favor do Espírito Empresarial, presentado en 2004, como marco estratéxico do impulso ao tecido empresarial da Unión Europea, cimentado sobre cinco alicerces cuxos contidos se deberían desenvolver nos estados membros. Estas cinco liñas de acción estratéxica son:

- Fomentar a mentalidade empresarial.
- Animar o maior número de persoas a se converteren en empresarios.
- Orientar o empresariado cara ao crecemento e a competitividade.

- Mellorar o fluxo de financiamento.
 - Crear un contorno administrativo e regulamentario máis favorable para as PEME.
- Dentro desta política europea de promoción do espírito emprendedor publicouse o Informe sobre Educación e Formación no Espírito Empresarial no ano 2004, no que se reflicten os obxectivos do ensino acerca do espírito emprendedor:
 - Promover o desenvolvemento das calidades persoais relacionadas co espírito emprendedor, tales como a creatividade, a iniciativa, a asunción de riscos e a responsabilidade.
 - Achegar un coñecemento temperán do mundo empresarial e un contacto con el, e axudar a entender o papel do empresariado na comunidade.
 - Concienciar o alumnado acerca do emprego por conta propia como posible opción profesional.
 - Organizar actividades baseadas na aprendizaxe a través da práctica (aprender facendo).
 - Darlle ao alumnado unha formación específica sobre como pór en marcha unha empresa.



O espírito emprendedor debería ver cun enfoque innovador e transversal, como unha metodoloxía de ensino ou como unha materia ou un módulo á parte, dependendo tamén do nivel educativo.

- No informe da Comisión Estratexia Europa 2020, de marzo de 2010, a Unión Europea propón:
 - Traballar co fin de promover cooperación de coñecemento e reforzar os vínculos entre educación, empresa, investigación e innovación, e promover o espírito emprendedor apoiando novas empresas.
 - Centrar o currículo na creatividade, a innovación e o espírito emprendedor.
 - Explorar os xeitos de promover o espírito emprendedor mediante programas de mobilidade para novos profesionais.



3 Contexto educativo

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, inclúe entre os fins do sistema educativo o desenvolvemento da capacidade do alumnado para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor, a capacitación para a exercicio de actividades profesionais, así como para a participación activa na vida económica.

A comunidade autónoma de Galicia, sensible á necesidade de fomento do espírito emprendedor no sistema educativo, introdúceo como unha función específica dentro das que lle corresponden á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Deste xeito, o Decreto 332/2009, polo que se establece a estrutura orgánica desta consellería, introduce que desde a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, e a través da Subdirección Xeral de Orientación Profesional e Relación con Empresas, se potenciará o fomento do espírito emprendedor.

Así mesmo, o Plan Estratéxico Galicia 2010-2014 recolle o Plan de Emprendemento no Sistema Educativo no seu eixe 2 - *Dinamización económica, crecemento e emprego*, dentro do seu cuarto obxectivo estratéxico, referido a alcanzar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria potencia nos currículos de todas as etapas educativas, desde a primaria ata o bacharelato e as ensinanzas profesionais, o fomento do espírito emprendedor e empresarial como unha competencia básica que o alumnado terá que desenvolver, ben dun modo transversal ou ben con materias específicas.

Educación primaria

Entre os obxectivos desta etapa, salientase que o alumnado debe alcanzar hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.

Educación secundaria obrigatoria

Indícase que un dos seus obxectivos é desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

formación profesional

educación secundaria obligatoria
bacharelato

educación primaria

formación profesional

bacharelato
educación primaria

enseñanzas profesionales de artes plásticas e diseño

enseñanzas deportivas

bacharelato

enseñanzas profesionales de artes plásticas e diseño

formación profesional

educación primaria

bacharelato

edu

formación profesional

bacharelato

educación primaria

bacharelato

bacharelato



Bacharelato

Procúrase afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, autoconfianza e sentido crítico. Isto constitúese nun obxectivo clave, nomeadamente na modalidade de humanidades e ciencias sociais.

Neste caso, as materias de Economía e de Economía da empresa teñen como obxectivo amosar o que é e como actúa unha empresa no seu contexto económico e sociopolítico, así como a elaboración dun proxecto empresarial.

Formación profesional

Seguindo a liña marcada en materia de emprendemento pola Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, publícase o Decreto 114/2010, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia. Destácase a necesidade de afianzar o espírito emprendedor para o desempeño de actividades e iniciativas profesionais, e este obxectivo constitúese ao mesmo tempo como unha finalidade destas ensinanzas.

Todos os ciclos de graos medio e superior da formación profesional do sistema educativo contan cun módulo de empresa e iniciativa emprendedora, dirixido a fomentar a iniciativa emprendedora, a innovación e a creatividade na empresa. A duración deste módulo amplíouse desde as 35 horas marcadas nos reais decretos dos títulos ata as 53 horas dos currículos de Galicia.

Ensinanzas de réxime especial

Tanto as ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño como as ensinanzas deportivas teñen entre os seus obxectivos o de capacitar para o acceso ao emprego, xa sexa como profesional autónomo ou xa como asalariado, e fomentar o espírito emprendedor.

Adicionalmente, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, dentro da marxe que as comunidades autónomas dispoñen para adecuar o currículo á súa realidade socioeconómica, introduciu o seguinte:

- Nos cursos terceiro e cuarto de educación secundaria obrigatoria, como materia optativa para o alumnado, o obradoiro de iniciativas emprendedoras, co obxecto da preparación do alumnado para a súa inserción laboral, prestándolle unha especial atención á orientación educativa e profesional.
- Nos programas de cualificación profesional inicial (PCPI), o módulo de iniciativa persoal e relacións laborais, que contribúe ao desenvolvemento da autonomía persoal, o coñecemento dos dereitos e as obrigas das relacións laborais, a hixiene e a prevención de riscos, así como o fomento do espírito emprendedor e da necesidade de aprender ao longo da vida.



Por outro banda, puxéronse tamén en marcha outras actuacións e programas específicos, especialmente no último curso académico (2009-2010), que inciden directamente no fomento do espírito emprendedor e na empresarialidade, complementando as actividades propiamente curriculares. Estas actividades leváronse a cabo en moitos casos, contando coa colaboración doutros departamentos da Xunta de Galicia e outras institucións.

– Así, en colaboración directa co Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia *CEEI de Galicia SA - BIC Galicia*, dependente da Consellería de Economía e Industria, deséñase e ponse en marcha un programa específico en formación profesional denominado FP Plus, que conta con catro liñas de actuación: FP Simula, FP Idea, FP Avanza e FP Emprende (rede de viveiros de centros educativos). A sensibilidade e a orientación cara ao emprendemento e a empregabilidade ten unha importancia significativa neste colectivo pola súa formación dirixida á incorporación ao mercado de traballo.

– Tamén, se inicia a incorporación na actividade docente de elementos didácticos de apoio ao fomento da cultura emprendedora e de deseño e realización de xornadas de formación en materia emprendedora, de cara a sensibilizar e actualizar os coñecementos do profesorado.



4 Xustificación do Plan

O Plan de Emprendemento no Sistema Educativo [eduemprende](#) xorde en resposta a:

Existencia dunha experiencia previa

As actuacións e os programas que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria xa vén desenvolvendo, así como os resultados obtidos na súa aplicación, xunto coa importancia crecente do fomento da cultura emprendedora, aconsellan avanzar na súa implantación no sistema educativo.

A súa vez, a colaboración desenvolvida nesta materia coa Consellería de Economía e Industria, a través do Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia (CEEI de Galicia, SA- Bic Galicia) e a experiencia adquirida, permiten un coñecemento previo das necesidades de cada colectivo e de cada nivel educativo, para poder desenvolver unha ferramenta adaptada a cada caso.

Sensibilización da comunidade educativa

A importancia da cultura emprendedora no desenvolvemento persoal e profesional da xente nova, e a súa contextualización como motor para a mellora da competitividade e da empregabilidade, fan necesaria a sensibilización da comunidade educativa cara ao favorecemento da introdución do espírito emprendedor no noso sistema educativo.

O impulso á capacidade de crear e innovar desde un enfoque educativo máis activo e creativo, que capacite o alumnado para confiar nas súas capacidades, no deseño e na implantación de proxectos, require unha actitude favorable por parte de todos os actores que interveñen na formación.

Contextualización das recomendacións europeas

De acordo co recollido no apartado do contexto europeo, son moitas as indicacións e as recomendacións emanadas de diversos órganos da Unión Europea respecto á necesidade de contar con máis persoas emprendedoras e novas empresas innovadoras, e salientase tamén a relación directa que se establece para a consecución desta finalidade coa implantación e o fomento do espírito emprendedor no sistema educativo. Xa que logo, é importante contarmos cun documento en que se concretan os aspectos e as liñas de actuación promovidos pola Unión Europea adaptados ás características da nosa Comunidade Autónoma.

Marco de realización

Na dinámica de sumar esforzos na aplicación de diversas actuacións e na incidencia en distintos ámbitos no fomento da cultura emprendedora, e co ánimo de ordenar a súa aplicación, cómpre deseñar e ter a disposición un marco para a educación no espírito emprendedor en Galicia. Trátase dun contexto xeral dentro do cal se poidan desenvolver iniciativas específicas, coordinar as existentes, aglutinar e aproveitar os recursos das administracións e institucións, e que permita tamén planificar o presente, a perspectiva a curto e medio prazo, e o horizonte a longo prazo.

5 Finalidade

O Plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia, [eduemprende](#), constitúese como o marco de fomento do espírito emprendedor no sistema educativo de Galicia, e establece a estratexia de fomento da cultura emprendedora que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria lle transmitirá á comunidade educativa. Para isto, contará coa colaboración e o apoio da Consellería de Economía e Industria, a través do Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia (CEEI de Galicia, SA -Bic Galicia-).

O obxectivo global deste plan é lograr un avance sensible na cultura do emprendemento no noso alumnado e propor instrumentos que permitan coñecer os logros alcanzados.

6 Destinatarios

[eduemprende](#) vai dirixido a:

- Todos os centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan os niveis de educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato, programas de cualificación profesional inicial, ensinanzas para persoas adultas, formación profesional, ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, e ensinanzas deportivas.
- Todos os membros da comunidade educativa: alumnado, profesorado, persoal orientador, familias, centros e calquera outro axente que interveña no sistema educativo e que poida incidir na cultura do emprendemento e a empresariedade



Sensibilización
e motivación

Capacitación
empresarial

Fomento
e apoio de
empresarial

Coordinación e
aproveitamento de iniciativas



7 Estrutura

Para alcanzar esta meta **eduemprende** incorpora un conxunto de actuacións, estruturadas en catro eixes estratéxicos, obxectivos e iniciativas, con carácter nomeadamente práctico e adaptadas a cada nivel educativo.

Cada un dos eixes estratéxicos ten asociados uns obxectivos en que se definen as iniciativas que cómpre levar a cabo para a súa consecución.

Este plan marco ha permitir o establecemento de plans operativos para cada curso académico, onde se recollan as actuacións específicas.

7.1 Eixes estratéxicos

Defínense catro eixes de actuación, tres dos cales inciden directamente na sensibilización, na capacitación e na empresarialidade, e un cuarto, transversal aos outros, de coordinación e rendibilización das sinerxías que se produzan.

Cada un dos catro eixes estratéxicos incorpora un número de obxectivos en que se definen as liñas de actuación para a consecución da súa finalidade:



E1. Sensibilización e motivación

Agrupa o conxunto de obxectivos e medidas que cómpre desenvolver para que a comunidade educativa perciba a importancia de construír e fomentar a cultura emprendedora, para recoñecer no seu contorno actitudes e valores emprendedores, favorecendo a súa integración nos centros educativos e creando unha conciencia emprendedora.

OBXECTIVOS

Sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia de construír e fomentar unha nova cultura emprendedora.

Accións dirixidas tanto ao alumnado como ao profesorado para alcanzar a sensibilidade necesaria que permita a creación de iniciativas emprendedoras.

Recoñecer e integrar valores emprendedores nos centros de ensino.

Actividades destinadas a que os membros da comunidade educativa poidan contar cos coñecementos necesarios para identificar actitudes emprendedoras susceptibles de seren utilizadas no ámbito educativo.

Motivar o alumnado para desenvolver actitudes emprendedoras.

Actuacións específicas que provoquen a participación activa do alumnado no deseño e na construción de iniciativas individuais e colectivas.

Fomentar a relación entre centros, empresas e organizacións.

Actuacións que permitan o intercambio de coñecementos, experiencias e necesidades do seu contorno socioeconómico.

Amosar e recoñecer o papel das persoas emprendedoras na nosa comunidade.

Visualización ante a comunidade educativa a materialización de actitudes emprendedoras en iniciativas xa desenvolvidas.

Recoñecer a necesidade da innovación e da creatividade.

Identificación da vinculación estreita entre o emprendemento, a creatividade e a innovación, como factores dinamizadores do desenvolvemento persoal e social.

E 2. Capacitación emprendedora

Recole os obxectivos e as iniciativas que se destinen a mellorar as capacidades en competencias emprendedoras do alumnado e a súa autonomía, a través da información, a orientación e unha formación axeitada para cada nivel educativo. Incídese, así mesmo, na dotación de recursos ao profesorado e na súa capacitación, na procura dunha repercusión final no alumnado.

OBXECTIVOS

Capacitar o alumnado para emprender.

Preparación do alumnado nas competencias e nas actitudes autónomas necesarias que favorezan o emprendemento.

Organizar actividades baseadas na aprendizaxe a través da práctica.

Accións de formación do profesorado para a creación e a xestión de empresas virtuais, para a súa posta en funcionamento na aula.

Dotar o alumnado de recursos de información e orientación.

Orientación emprendedora ao alumnado a través dunha rede de departamentos dotados de recursos, para un mellor labor informativo do emprendemento.

Mellorar a autonomía emprendedora persoal e profesional do alumnado.

Actuacións específicas para a promoción da participación activa de grupos de alumnado no desenvolvemento de proxectos empresariais viables, de cara á súa posible posta en marcha.

Capacitar o profesorado para favorecer a adquisición de competencias emprendedoras do alumnado.

Formación específica para o desenvolvemento e a elaboración de proxectos empresariais.

Dotar o profesorado de recursos de información e orientación.

Recursos para mellorar a metodoloxía e materiais didácticos en todos os formatos, dispoñibles para o alumnado en todas as etapas do sistema educativo.

Favorecer a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación na comunidade educativa.

Accións para impulsar, en toda a comunidade educativa, o desenvolvemento do emprendemento a través das TIC.

E 3. Fomento e apoio da empresarialidade

Inclúense neste eixe todos os obxectivos e as actuacións que se refiren ao apoio ao alumnado con habilidades emprendedoras, para a posta en marcha de proxectos empresariais viables e para a posta en práctica de ideas innovadoras de negocio.

OBXECTIVOS

Achegar ao alumnado as iniciativas emprendedoras como orientación profesional.

Accións dirixidas ao alumnado para identificar as capacidades e os intereses para a toma de decisións sobre estratexias persoais de formación no emprendemento, tendo en conta as características do contorno.

Aumentar a empregabilidade do alumnado.

Investigación, fomento e divulgación do traballo realizado polo alumnado nos centros educativos, independentemente da organización ou a coordinación de apoio.

Orientar o profesorado para favorecer a posta en práctica de proxectos.

Accións dirixidas ao profesorado para o facultar e o habilitar, de xeito que poida difundir a correcta posta en marcha de proxectos empresariais.

Dotar de recursos para a posta en marcha de proxectos de empresa innovadores.

Coordinación, difusión e posta en valor da rede de viveiros existente nos centros de ensino para o acollemento de proxectos empresariais viables de alumnado capacitado para iso.

Favorecer a transición do alumnado do ámbito educativo ao laboral.

Accións dirixidas ao alumnado para o habilitar de cara a un bo aproveitamento da rede de viveiros, partindo de proxectos empresariais viables, levados a cabo co apoio do profesorado implicado na rede, e, así mesmo, accións coordinadas polos axentes.

Potenciar o traballo en rede.

Accións de coordinación na rede de viveiros para o seu fomento e para a implantación de proxectos, así como posta en valor das boas prácticas levadas a cabo.

Promover o intercambio de persoas e experiencias emprendedoras.

Accións dirixidas ao alumnado para aumentar o atractivo da formación profesional e fomentar a mobilidade de traballadores en formación.

E 4. Coordinación e aproveitamento de iniciativas

Este eixe abrangue o conxunto de obxectivos e medidas de investigación, coordinación e posta en valor sobre emprendemento no sistema educativo de Galicia que teñan un efecto de transversalidade sobre o conxunto de medidas do plan.

OBXECTIVOS

Procurar a sinerxía nos programas sobre emprendemento desenvolvidos en Galicia.

Coordinación dos organismos de fomento do espírito emprendedor e da empresariedade, de cara ao seguimento das accións levadas a cabo en todos os ámbitos socioeconómicos da comunidade autónoma.

Crear un centro de recursos para o emprendemento no sistema educativo.

Creación, divulgación e aproveitamento do portal educativo [eduemprende](#) como soporte de recursos e informacións sobre emprendemento e empregabilidade para todo o sistema educativo de Galicia.

Divulgar e pór en valor as iniciativas emprendedoras e as boas prácticas dos centros, e as desenvolvidas polo alumnado.

Recoñecemento e difusión das actuacións realizadas polo alumnado e polos centros educativos, coa finalidade de servir de referencia e favorecer o aumento das actitudes emprendedoras.

7.2 Iniciativas

Para o desenvolvemento dos obxectivos previstos para cada un dos catro eixos definidos recóllese un conxunto de iniciativas para pór en práctica nos diversos niveis educativos, que se presentan clasificadas segundo a súa tipoloxía:

- Iniciativas de coordinación entre os centros educativos e o seu contorno.

Visitas a empresas

Visitas a incubadoras, centros de negocios e parques

Programa *Erasmus* **para emprendedores novos**

Programa *Leonardo da Vinci*

- Iniciativas de coordinación entre os axentes socioeconómicos implicados na difusión e na posta en práctica da cultura emprendedora.

Rede de orientadores para o emprendemento

Grupo de de implatación de proxectos

Titores de *FP Emprende*

Rede de axentes emprendedores

Rede de viveiros

Comisión de seguimento de programas en Galicia

- Formación para a capacitación do profesorado e os integrantes de departamentos de orientación, para alumnado e para a posta en marcha de iniciativas emprendedoras.

Charlas de sensibilización

Actividades de integración

Actividades de innovación e creatividade

Programa *FP Avanza*

Programa *FP Simula*

Programa *FP Empresa na aula*

Charlas de orientación sobre o emprendemento ao alumnado

Seminarios de formación e capacitación ao alumnado

Xornadas informativas para persoas orientadoras en materia emprendedora

Formación e recursos para persoas orientadoras
Capacitación en habilidades emprendedoras
Capacitación na creación e no desenvolvemento de ideas
Capacitación na elaboración de proxectos de empresa
Obradoiros sobre iniciativa emprendedora
Obradoiros sobre empresa e iniciativa emprendedora
Obradoiros de orientación ao profesorado
Charlas de orientación profesional ao alumnado
Capacitación para a posta en marcha de proxectos

- Deseño, realización e publicación de recursos didácticos e contidos para o emprendemento destinados ao profesorado e ao alumnado dos diversos niveis educativos.

Portal *Eduemprende*
Elaboración de contidos dixitais
Publicacións para a sensibilización e a difusión da cultura emprendedora
Publicacións e referencias para o alumnado
Publicacións e recursos didácticos

- Actuacións dirixidas á posta en marcha das iniciativas resultantes dos proxectos empresariais desenvolvidos polo alumnado.

Plan *Emprender con TIC*
Viveiros en centros educativos
Programa *Das iniciativas ás empresas*
Plan para o acceso aos viveiros

- Premios e concursos para estimular o conxunto de actitudes emprendedoras do alumnado e favorecer a posta en marcha de proxectos empresariais viables, destinados aos distintos niveis educativos.

Convocatoria de concursos e premios nas distintas ensinanzas educativas

- Medidas transversais ao desenvolvemento do plan que favorezan a visualización do conxunto das iniciativas emprendedores con incidencia no sistema educativo.

Programa para a posta en valor do traballo realizado polo alumnado nos centros
Comisión de actividade emprendedora en centros de ensino de Galicia
Observatorio de emprendemento en Galicia

- Deseño e definición dos instrumentos de apoio para o seguimento e a avaliación do Plan de Emprendemento.

Deseño de indicadores de avaliación
Actuacións de seguimento e mellora

Os plans operativos para cada curso académico han recoller as iniciativas específicas que cumpra desenvolver, e determinarán, en cada caso, o colectivo e a etapa educativa a que se destinan.

www.edu.xunta.es